

A Familia ante o acoso escolar

Xosé Luís Estévez Solla

Daquela María non lle dera moita trascendencia ó falado na semana anterior á Semana Santa na cafetería do traballo. Entón Sara falou da sensación que tiña ultimamente sobre o pendente que estaba dela a súa xefa de sección, esixíndolle un nivel de produción maior cás compañeiras, e que comezaba a estar estresada. Paco, o encargado da cafetería, intervira co tono sabichón, que acostumaba por veces ter, iiso é "mobbing", acoso moral no traballo!, pero para min é moito máis preocupante o "bullyng", que como sabedes é o maltrato e intimidación entre escolares, e eu que teño os meus dous cativos en idade de escolaridade obrigatoria estou sempre moi atento ás súas condutas, vendo o que sucedeu con aquel rapaz no país vasco.

Mais agora, María, co baixón das notas neste segundo trimestre da súa filla Clara, que ata este curso de primeiro de ESO sempre foran sobresaíntes, decatouse da certa desmellora do seu aspecto físico, que achacaba ós cambios propios da pubertade, pero os saloucos que escoitou a pasada noite deixárona tremendamente preocupada. E o momento lembrou o falado por Paco naquela conversa acerca dunhas xornadas as que asistira sobre "O acoso escolar" organizadas polo Concello, e as preguntas e respostas que alí se fixeron. De súpeto viñéronlle á mente algunhas que agora coida que lle poden axudar vitalmente a ela e demais familias, así:

Como podemos saber se os nosos fillos/as están sufrindo intimidación e maltrato por parte dos compañeiros/as?

No seu comportamento pódense dar unha serie de indicios, que por si só ou aillados non son indicadores de intimidación ou maltrato, mais o importante é cando se presentan varios xuntos e a través do tempo que

sí nos indica a presenza deste feito desgraciado. Haberá que observar si,

- existen sinais de golpes, mazaduras ou feridas e non son capaces de dar razón de como se produciron.

- non teñen ganas de comer, presentan dor de cabeza, de estómago ou vómitos (somatizando condutas para non verse na situación de ir ó colexio), ou que chamen a casa para que os veñan buscar á clase ante a situación de ansiedade ou anguria.

- traer a carteira, os libros ou a roupa estragada. Quedarse sen o diñeiro ou pedir máis do acostumbrado. Perder ou desaparecer obxectos moi apreciados para el/ela como os seus CDs.

- verse sempre envoltos/as en pelexas e discusións nas que se encontran indefensos e sempre son os "pandiotos".

- cambiar o camiño para ir ó centro, ou evitar ir a certos lugares.

- gastarlle bromas desagradables, insultos, ridiculizalos, meténdose sempre con el/ela.

- amosar cambios no patrón no sono, empezar a durmir mal ou ter pesadelos.

- dar mostras de ansiedade, inseguridade. Cun a miúdo aspecto triste, infeliz; ou cambios de humor ata chegar agredir ou ameazar ós seus irmáns ou outras persoas cercanas.

- empezar a perder amigos/as, quedándose só/a ou costándolle a relación con outras persoas.

- baixar notablemente o seu rendimento escolar.

Aínda que as veces hai condutas que non se deben entender como maltrato, como:

- discutir alporizados cos compañeiros/as insultándoos, darlle empurróns, croques, facerlle cambadelas, esconderlle obxectos... mais hai que estar alerta ante este feitos ocasionais que poden ser a orixe, de repetirse,

dun maltrato físico ou psicolóxico.

- ou o enfrontamento entre pandillas ou grupos de distintos centros, barrios... que si son feitos violentos haberá que averiguar as súas causas para mediar entre as partes do conflito.

E como podemos actuar as familias ante esta situación de maltrato?

Se pensades que está sufrindo esta situación, debemos intentar que no lo conte, liberándose da súa anguria dentro dun ambiente de serenidade, confianza e comunicación que debe sempre existir entre pais e fillos, no que o rol dos pais non é de ser "amigo" dos fillos, xa que eles esperan, inconscientemente, a seguridade que lle deben dar os pais, e mais nesta situación da que estamos a falar. Por iso debemos,

- coñecer toda a situación dende quen está implicado, onde se produce ou quen o viu.

- comprendelo e axudalo nesa situación de anguria, e no que moitas veces ten sentido de culpa, crendo que é o/a culpable desa situación. A superar a situación de vitimización, actuando coa toma de medidas axeitadas, para que non interiorice a idea de culpabilidade, ó ver nos pais medo ou deixación ante as demandas do fillo/a. O pedir axuda por parte da persoa maltratada é un acto valente pola súa parte, non de cobardía como algúns tratarán de que o pense a vítima.

- empregar estratexias para a superación do feito da orde de buscar apoio nos máis amigos/as ou no grupo/irmáns maiores; procurar nun primeiro momento evitar o lugar onde se poden producir os feitos, ou evitar o contacto coas persoa agresoras, e a resposta violenta que pode desencadear unha espiral maior da mesma. Devolver a agresión non é a forma adecuada de resolver os conflitos, fainos crer que a violencia é a solución, e así se xustifican novas agresións.

- o traslado de centro no é medida aconsellable, hai que poñer todas as medidas necesarias por parte das persoas implicadas e, de selo buscar a axuda especializada, xa que a

situación de vitimización non estaría superada, e as máis das veces volvería ser suxeito de acoso.

- segundo a gravidade da situación, a familia non debe solucionar polo forza ó traer a intervención doutras familias e divisións partidarias. Débese poñer en contacto co centro -orientador/a, titor/a ou persoa con máis confianza, dirección...-, ou doutros profesionais especializados. Sempre cunha actitude serena, colaboradora, sen esixencias inmediatas que poden interferir na superación da situación.



Qué facer ante o comentario do fillo/a testigo do maltrato?

- ante unha situación de indefensa, hai que amosarse solidario, porse no lugar do outro e pensar se fose el/ela o afectado. Intervir mediante o diálogo, interceder ante a persoa referente para o maltratador para un cambio de actitude.

- facerlle comprender que a súa postura de espectador vólveo moralmente do lado do acosador, e aínda que non participa directamente, a omisión de axuda está axudando a que este feito se siga producindo.

- incidir na situación que pode provocar o silenciar as condutas de maltrato, pasando a ser cómplice e corresponsable da mesma.

- axudalo a informar desas situacións os titores, orientadores, actuando coa debida cautela para non ser tido/a como "chivato", o cal xeraría unha nova situación problemática.

- facerlle entender que entre "e unha broma" e unha situación de abuso no que outro

está totalmente asustado hai que intervir para frenala.

- necesidade de intervir cando dous pelexan, o manterse neutral co de "é cousa deles", non é defendible.

- igualmente hai que intervir en toda conduta contraria a convivencia do tipo ié cousa de rapaces! xa que a resolución de conflitos pola violencia fai que ese tipo de condutas se interioricen entrando dentro da normalidade e puidendo ser reproducidas despois de adultos coa súa parella e os seus fillos.



Certamente este tema está a miúdo nos medios de comunicación, especialmente na televisión, e causa unha gran alarma, que pode facer pensar algúns pais se o seu fillo ou filla dado o seu carácter pode estar no grupo contrario, o dos maltratadores, de coincidiren coas respostas a pregunta

Qué tipo de actitudes poden amosar os escolares que maltratan? pois

- ser unha persoa agresiva, ir de prepotente, intimidar a cotío ós seus irmáns ou amigos/as.

- ter ataques incontrolados de ira, non soportar que lle leven a contraria; ou amosar baixo nivel de frustración ó non ter o tempo de espera necesario e querer obter todo de xeito inmediato.

- querer levar sempre a razón, impondo a miúdo as súas ideas pola forza.

- empregar o insulto, a intimidación, ou

non soportando aa accións dos demais, e faltándolle a empatía para poñerse no lugar do outro.

- utilizar a coacción, a violencia para conseguir a pertenza ó grupo de compañeiros/as, gabándose da súa forma de actuar e buscando sempre xustificación.

- ser unha persoa pechada, que non fala na casa con afectividade de amigos/as u outras persoas

Cómo evitar esas condutas e axudar a estas persoas maltratadoras?

Na familia é onde o neno vai pasar máis tempo, máis ca na escola, e dende a súa infancia van ser os modelos de relación con eles e entre os propios cónxuxes e demais familiares os que van influir de xeito decisivo na súa conduta e personalidade, polo que non podemos estar dando consellos e instrucións ós cativos mentres a convivencia entre os maiores é a menos edificante, e por tanto somos nós os maiores os que temos que facer o esforzo de controlarnos. De aí que o neno/a debe ter uns límites ben definidos, un nivel de esixencias adecuado a súa idade, sabendo o que é correcto ou non, no que os agasallos e premios deben ser acordos a súa idade e primando os socioafectivos -agarimos, frases agradables- sobre os materiais -regalos- para non facer medrar o egoísmo, e si o saber compartir coa socialización cos iguais nestes tempos con escaso número de fillos por familia, e pola contra moitos familiares en torno a ó neno.

En relación co anterior hai estudos como os da universidade de Seattle no que a investigación con nenos de 4 anos e o seu seguimento dende os 6 ós 12 anos amosa a incidencia significativa que ten a falla de estimulación cognitiva -lecturas, xogos cos pais-, a carencia de apoio emocional -comida cos pais, conversas, saídas, reprimendas-, e o número de horas de televisión -3,9 diarias- nos futuros "nenos/as acosadores"

E non esquezamos que a violencia é algo que na nosa sociedade está sempre presente

nos telediarios e se nos amosa case com a única forma de resolver os conflitos. Mais tamén non só nos centros a través das titorías, que deberían ter máis tempo de dedicación o alumnado en especial da ESO, senón organizacións como a Cruz Vermella con programas "educación para a tolerancia", "sen violencia convivencia", o noso concello "Cinensino" sobre educación en valores axudan a adecuada convivencia, e que a próxima LOE propón a materia "Educación para a cidadanía" sobre este tema.

Mais para axudar a superar esas condutas e evitalas débese ter en conta:

- como pai temos que ofrecer a nosa confianza, o apoio para intentar comprender a súa situación, o porqué da mesma, sen recriminacións, sen ameazas ou violencia para acercalo a nós e non retroalimentar a situación, pero sen xustificar a súa actuación, e axudalo a saír da mesma.

- intentar poñelo no lugar da vítima. Mostrarnos serenos e firmes no desacordo coas súas accións, que a el no fondo tamén non o fai feliz.

- enterarse das condicións e situacións onde se produce o maltrato, como naceu, que outras persoas e de que xeito tamén están implicadas, e de ser necesario, procurar a mediación das persoas adecuadas.

- atención á forma de empezar a resolver o problema, e seguimento do mesmo. No que os pais ou compañeiros portadores da noticia non aparezan como "denunciadores-chivatos", o que fai enquistar a situación. Acudir a profesionais especializados, ou ós servicios de saúde mental segundo a problemática da situación

- necesidade de relación e seguimento co centro escolar, co titor/a, orientador/a ou profesor/a de maior confianza para el/a.

- búsqueda de acordos para romper cos rapaces/zas que forman parte dese grupo ou o apoian. Procura de novas amizades, e emprego dun contrato coa especificidade do cambio proposto e a continxencia dos premios.

Débense levar a estes alumnos/as a centros ou aulas especiais apartados dos outros?

Non é aconsellable porque os fariamos máis marxinais, revivirían entre eles as experiencias máis negativas, e o saír ó mundo non saberían como enfrontarse caendo de novo na mesma situación, e as máis das veces medrando a espiral de violencia. As medidas máis axeitadas pasan por unha maior atención titorial polo centro, profesorado entusiasta, con empatía e afectividade cara a eles/as, adaptación das clases en grupos flexibles de alumnos ata 2/3- segundo actividades, e de ser necesario apoio por educadores sociais dos concellos á propia familia.

A personalidade dun adulto pode estar condicionada por ser un adolescente maltratado?

Os estudos realizados mostran que si o maltrato foi moi longo poden volverse máis introvertidos, tímidos, pero non ata condicionar totalmente a súa personalidade. Aínda que para os ambientalistas si será crucial, para os xenetistas a herencia vai ter maior importancia que o ambiente. Estudos de irmáns xemelgos criados nun mesmo ambiente familiar describen condutas ás veces moi diferentes, ó asimilar as súas neuronas os estímulos dun tempo e espacio diferente para ambos irmáns e por tanto seguir traxectorias persoais propias.

E María tivo presente a vital importancia das relacións, estimulacións, nivel de esixencias e afectividade que haxa entre pais e fillos. Ó igual que o seguimento, coordinación e apoio mútuo que debe haber co profesorado do centro, e as relacións cos seus amigos/as -conveniencia de trato polos pais- van ser determinantes na formación e desenvolvemento da personalidade do neno/a.